

IES DA POBRA DO CARAMIÑAL
DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS
MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

De conformidade co previsto na orde Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

ESO

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

Ditas actividades poderán terse en conta para a cualificación definitiva da materia que se fará efectiva na avaliación final de curso, para estes efectos procederase do seguinte xeito:

1.-ALUMNADO QUE TEÑA A MATERIA CON PARTES SEN SUPERAR LOGO DA RELIZACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN PARCIAL.

- docente realizará un breve informe individualizado no que se recollan as bases para o deseño das actividades de recuperación.
- Realización de actividades de apoio, reforzo, recuperación e titoría.
- alumno recibirá o material necesario para a realización de ditos actividades.
- Realización de probas de recuperación correspondentes as partes da materia NON superada

AVALIACIÓN FINAL.

De conformidade co previsto na programación o alumno fará un exame final, na que poderá recuperar as avaliacións non superadas.

2.- ALUMNADO QUE **NON** TEÑA A MATERIA CON PARTES SEN SUPERAR LOGO DA RELIZACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN PARCIAL.

- Realización de actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.
- alumno recibirá o material necesario para a realización de ditos actividades.

AVALIACIÓN FINAL.

A CORRECTA REALIZACIÓN DE DITAS ACTIVIDADES DE REFORZO, REPASO, APOIO, AMPLIACIÓN E TITORÍA, PODERÁN TERSE EN CONTA NA CUALIFICACIÓN FINAL, ATA UN MÁXIMO DE 0,75 PUNTOS QUE SE SUMARÁN A NOTA PROMEDIO DAS TRES AVALIACIÓNS SUPERADAS.

1º CURSO DE BACHARELATO

De conformidade co previsto na orde Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

A avaliación final ordinaria levarase a cabo a partir do día 6 de xuño de 2022. As probas finais da convocatoria extraordinaria realizaranse entre os días 20 e 22 de xuño de 2022.

O alumnado que NON supere a materia na avaliación final ordinaria deberá presentarse a convocatoria extraordinaria tendo que facer unha proba da totalidade da materia desenvolvida ao longo do curso.

A nota correspondente nesta convocatoria extraordinaria será a obtida nesta proba.

En 1º de bacharelato o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicárase a preparación e a realización das probas extraordinarias e as actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

A xefa do departamento